

**ACORDO POLO QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A COBERTURA
TEMPORAL DE POSTOS MEDIANTE COMISIÓN DE SERVIZOS DE CARÁCTER
VOLUNTARIO POR PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA**

EXPOÑEN

A cobertura temporal dos postos do persoal funcionario de carreira de administración e servizos (PAS), dotados orzamentariamente, está regulada na normativa de función pública directamente aplicable, nomeadamente na Lei 2/2015, do 29 de abril (DOG nº 82 do 4 de maio), de emprego público de Galicia, no Decreto 92/1991, o 20 de marzo polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas e o Decreto 93/1991, polo que se aproba o regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna.

En idéntico senso os estatutos da Universidade de Vigo recollen o dereito ao fomento da promoción interna, de acordo cos méritos e experiencia dos candidatos e ao desenrolo dunha carreira profesional, e o dereito a acceder á promoción profesional.

Malia isto, ningunha das normas estatutarias fan referencia de xeito específico á promoción profesional de carácter temporal como estadio inicial da carreira de méritos a conseguir para a participación nos procesos selectivos que consoliden definitivamente a dita promoción, xogando como única posibilidade de valoración os acadados en categorías distintas ás que se accede, sen que podan entrar en xogo a experiencia profesional adquirida mediante desempeño de funcións do mesmo grupo e ou categoría con carácter provisional, o que entraña en si mesmo unha contradición á efectividade de aquel dereito.

Dende esta perspectiva, a anomía, relativa ao caso que nos ocupa deriva nun baleiro normativo que non outorga solución nin a Administración, que sería a beneficiada por contar con aspirantes con dita experiencia e formación na quenda de promoción interna, nin a persoa interesada na súa promoción como unha faceta da súa carreira profesional, dado que tal baleiro implica a ausencia de garantías relativas á reserva do seu posto de traballo e á súa condición funcional de orixe respecto á escala e subescala de procedencia, o que se traduce na inhibición concernente ao inicio do itinerario



profesional. Neste senso cómpre lembrar que algún sector do emprego público xa o teñen resolto.

Malia isto, existe un antecedente na Universidade de Vigo no Acordo de 3 de outubro de 2018 polo que se regulou o sistema de provisión de postos vacantes mediante nomeamento provisional do PAS funcionario nun grupo ou subgrupo de titulación superior, pola que se establecía que o persoal nomeado provisionalmente cando ocupe, como persoal funcionario interino, un posto de traballo da Universidade de Vigo que estea adscrito a un corpo ou escala superior ao de pertenza, será declarado na situación de excedencia voluntaria por nomeamento provisional nun grupo ou subgrupo superior, tendo dereito á reserva do posto de traballo de orixe do cal sexa titular.

Cómpre así mesmo, traer a colación a facultade recollida no artigo 14 do Convenio Colectivo para persoal laboral da Universidade de Vigo, inscrito e publicado mediante Resolución de 11 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais “Funcións de categoría superior”.

O Reitor, se estimase a concorrencia de razón técnicas ou organizativas que así o xustifiquen, poderá autorizar a realización de funcións de categoría superior” e “As normas de xestión de listas de agarda fixarán os criterios para a provisión temporal de postos de categoría distinta ou superior”.

Pola súa banda, o Acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, publicado por Resolución de 31 de marzo de 2009, pola que se publica o acordo sobre selección temporal, acceso interno e adscrición provisional do persoal de administración e servizos da Universidade de Vigo, no que se recollen as características xerais das convocatorias de selección temporal, baremos de selección e criterios xerais de xestión das listas de agarda establece como criterio prioritario de chamamento ao persoal que figure nas listas de acceso interno fronte as de acceso libre.

Tralo proceso de funcionarización do persoal laboral suxeito ao Convenio Colectivo de persoal laboral da Universidade de Vigo, inscrito e publicado mediante resolución de 11 de xullo de 2007, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, determinadas condicións de traballo mudaron por mor da suxeición plena ao réxime funcional contido no Estatuto



Básico do Empregado Público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro e Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia. Xa que logo, de conformidade, co establecido no Acordo de funcionarización “Desde a toma de posesión como persoal funcionario de carreira, seralle de aplicación a todos os efectos, a normativa sobre o persoal funcionario aplicable na Universidade de Vigo”

Na actualidade, perviven as listas de acceso interno en determinadas categorías obxecto do Acordo de funcionarización que están integradas por persoal fixo doutras categorías entre outras técnicos especialistas en biblioteca, técnico especialista en tecnoloxías da información, técnico especialista de servizos xerais (conserxería e deportes), auxiliar administrativo, etc, que permitían a cobertura de necesidades de persoal temporal con profesionais da Universidade de Vigo, aportando experiencia, formación e coñecemento do medio.

O contexto das relacións laborais trala funcionarización, aínda pendente de remate o segundo proceso de oferta de integración, é, xa que logo, tributario dun acordo marco, no que, entre outras, se aborde a materia da promoción profesional, cos órganos lexitimados de representación do persoal. Malia isto, durante este período transitorio, cómpre, no marco da normativa estatutaria e os seus principios básicos, resolver a situación dos profesionais que se produce por mor da funcionarización, de tal xeito que esta situación non obste ás posibilidades de promoción e desenvolvemento profesional recollidas na mesma. Cómpre harmonizar a situación producida tralo acordo de funcionarización en orde a proceder á cobertura temporal axeitada dos postos de traballo e facer efectivos os dereitos do persoal á súa promoción profesional, establecendo as axeitadas garantías en relación cos postos dos que son titulares polo vínculo de orixe, para que aquel dereito poda exercerse de forma real e efectiva, tendo en conta o marco normativo do réxime funcional, se ben limitado no tempo por mor dos principios inspiradores das limitacións ao réxime de interinidade recollidos no artigo 10 do Real Decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 23.2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.



Pola súa parte, a Xunta de Persoal do PAS funcionario tiña reiterado o seu interese en negociar e acordar coa Xerencia as normas que regulasen nesta administración a cobertura temporal de postos de traballo mediante a concesión de comisións de servizos.

En consecuencia, logo das negociacións entre a Xerencia e a Xunta de Persoal, subscríbese o presente acordo nos seguintes termos:

PRIMEIRO.- Obxecto.

O presente procedemento ten por obxecto establecer, no ámbito da Universidade de Vigo, criterios obxectivos para a cobertura de aqueles postos de traballo que se atopen nalgunha das modalidades que se recollen no punto seguinte, e a asignación de funcións que excedan das propias dos postos de traballo previstos na Relación de Postos de Traballo ou para a realización de tarefas que, por causa do seu maior volume ou outras razóns conxunturais, non podan ser atendidas con suficiencia polos funcionarios que desempeñan con carácter permanente os postos de traballo que teñan asignadas ditas prazas.

Quedan excluídos do ámbito de aplicación deste acordo, a cobertura en comisión de servizos dos postos de libre designación. A cobertura en comisión de servizos de este tipo de postos queda a expensas da decisión do órgano competente.

SEGUNDO.- Modalidades.

O presente procedemento ten por obxecto establecer, no ámbito da Universidade de Vigo, criterios obxectivos para a cobertura de aqueles postos de traballo que se atopen na seguinte situación:

1. **Comisións de Servizo Ordinaria**, cun funcionario que reúna os requisitos establecidos para o seu desempeño na relación de postos de traballo:

- a) **Postos sen titular**: vacantes existentes na RPT sen titular.
- b) **Postos con titular ausente** por razóns de excedencia con reserva: licenzas, permisos, adscrición provisoria a outro posto, ...



2. **Atribución temporal de funcións.** Constitúe obxecto deste punto, establecer o réxime transitorio de provisións de postos mediante Comisións de Servizo para o nomeamento provisional do PAS funcionario da Universidade de Vigo nun grupo, subgrupo ou escala distinta ao da súa pertenza como funcionario de carreira.

En casos excepcionais, previa negociación coa Xunta de Persoal Funcionario de Administración e Servizos, a Xerencia poderá atribuír ós funcionarios o desempeño temporal en comisións de servizo en funcións especiais que non estean asignadas especificamente ós postos incluídos na Relación de Postos de Traballo, ou para a realización de tarefas que, por causa de maior volume temporal ou outras razóns, non podan ser atendidas con suficiencia polos funcionarios que desempeñen con carácter permanente os postos de traballo que teñan asignadas ditas tarefas.

Modalidades:

- a) Desempeño de postos de traballo dun grupo ou subgrupo inmediatamente superior.
- b) Desempeño de postos de traballo do mesmo grupo ou subgrupo de clasificación

Casos excepcionais:

- a) Naquelas situacións derivadas de ausencias prolongadas dos responsables das unidades nas que se faga necesario o desempeño das funcións correspondentes ó posto do funcionario ausente, e que non poda ser cuberta mediante o punto Primeiro deste acordo, a Xerencia procederá a nomear a un responsable de unidade cunha atribución temporal de funcións; no caso de que o funcionario non reúna o requisito de pertenza ó grupo de adscrición do posto de traballo do ausente, a Xerencia procederá a súa habilitación para o citado desempeño. O funcionario percibirá as diferencias retributivas entre o seu posto de traballo e o efectivamente desempeñado.
- b) Conxunto de funcións que configuran un posto de traballo distinto e novo na organización universitaria e que non poda ser cuberto mediante o punto Primeiro deste acordo. A súa retribucións inicial será a que un posto na categoría de referencia ou equivalente. O posto créase como programa, xa que non existe posto creado na RPT.



TERCEIRO.- Requisitos.

Atendendo á existencia de tres campus en localidades distintas, ao persoal que tivera solicitado un traslado de campus poderá autorizárselle unha comisión de servizos para postos do mesmo ou inferior nivel ao do destino definitivo, mesmo cando nesa data tivera autorizada unha comisión de servizos. O anterior será tamén aplicable a quen solicite un cambio de quenda. Na concesión seguirase a orde de preferencia establecida no artigo sexto.

O persoal con destino definitivo nun posto de libre designación ao que se lle autorice unha comisión de servizos ou sexa nomeado nunha Dirección de Área terá que presentar a súa renuncia á libre designación.

A) Comisiones de Servizo ordinaria

O persoal deberá reunir os requisitos de desempeño establecidos na relación de postos de traballo (RPT) e estar ocupando un posto con carácter definitivo na Universidade de Vigo.

B) Atribución temporal de funcións. Só se convocaría esta modalidade de provisión de postos de traballo si quedara deserta a convocatoria de comisións de servizo ordinaria.

Fase 1ª

Reservarase exclusivamente ó persoal funcionario de carreira que estea incluído nas listas de agarda da subescala da praza obxecto de cobertura mediante o sistema de comisión de servizos.

Fase 2ª

Cando, conforme ó apartado anterior, non sexa posible a cobertura ou ninguén acepte a comisión de servizos, a Xerencia realizará a oferta ó resto do persoal funcionario de carreira da Universidade de Vigo que pertenza a mesma subescala e ordenado segundo a orde de preferencia aprobados neste Acordo.



Requisitos Xerais:

1. Posuír a titulación e demais requisitos esixidos para o acceso a escala e subescala e grupo á que pertenza o posto de traballo a ocupar provisionalmente.
2. En relación á fase 2ª, ter prestado servizos efectivos na condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo durante polo menos dous anos na escala e subescala dende á que se accede sempre que pertenza ao grupo ou subgrupo inmediatamente inferior ou ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación profesional. Ao persoal laboral fixo que se tivese funcionarizado en virtude dos procesos celebrados ao abeiro do Acordo de funcionarización se lle aplicará o establecido no artigo 13, polo que tomarase como referencia para o cumprimento da antigüidade mínima na respectiva subescala, os servizos prestados con tal carácter na categoría laboral de integración.
3. Non superar a idade de xubilación forzosa.

CUARTO- Inicio da provisión.

O procedemento pode iniciarse pola Xerencia ou a pedimento razoado da persoa responsable da unidade na que se produza a vacante, correspondendo exclusivamente á primeira a apreciación da urxencia, a inaprazable necesidade e a oportunidade de autorizar a comisión de servizos.

QUINTO.- Renuncias.

O persoal que renuncie a unha comisión de servizos non se lle ofertará outra ata que transcorran seis meses desde a data de efectividade da renuncia, agás que estea motivada por razóns sobrevidas de violencia de xénero, de saúde ou rehabilitación ou de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

SEXTO.- Postos excluídos.

O previsto neste acordo non resultará aplicable ás comisións de servizos autorizadas ao abeiro do Acordo de mobilidade de PAS funcionario coas outras universidades públicas de Galicia.



SÉTIMO.- Criterios para a cobertura de postos de nivel de CD 26 ou inferior.

1. O responsable da unidade onde se produza a vacante ofrecerá a súa cobertura en comisión de servizos ao persoal destinado no mesmo servizo/unidade, área funcional e centro, por esta orde e achegará esta proposta á Xerencia. En todo caso, a xerencia poderá asumir directamente a iniciativa por razóns de eficacia e pertinencia.
2. No caso de que non exista dispoñibilidade conforme o criterio anterior poderá procederse a acordar comisión de servizos a persoa da mesma escala e/ou subescala, para a consecución da eficacia na prestación dos servizos e a eficiencia dos recursos humanos dispoñibles sempre que posúa a titulación requirida para o acceso á escala correspondente ao posto de traballo e pertenza ao mesmo grupo ou subgrupo de clasificación. En todo caso, outorgarase prioridade ao persoal funcionario de carreira que pertenza á mesma escala do posto que sexa obxecto de cobertura.
3. No caso de que dúas ou máis persoas funcionarias de carreira cumpran os requisitos para optar a un posto, para designar a quen lle corresponde terase en conta a seguinte orde de preferencia:

MODALIDADE A): Comisións de Servizo ordinaria

ORDE DE PREFERENCIA	
1º	Campus da vacante
2º	Area funcional da vacante
3º	Subgrupo superior
4º	Nivel superior do complemento de destino
5º	Maior antigüidade na Universidade de Vigo
6º	Maior antigüidade na administración



MODALIDADE B): Atribución Temporal de Funcións

Comisións de Servizo para o nomeamento provisional do PAS funcionario da Universidade de Vigo nun grupo, subgrupo ou escala distinta ao da súa pertenza.

Fase 1ª

ORDE DE PREFERENCIA	
1º	Lista de agarda

Fase 2ª

ORDE DE PREFERENCIA	
1º	Campus da vacante
2º	Area funcional da vacante
3º	Subgrupo superior
4º	Nivel superior do complemento de destino
5º	Maior antigüidade na Universidade de Vigo
6º	Maior antigüidade na administración

Pola súa parte, consideraranse as seguintes áreas funcionais:

A) ADMINISTRACIÓN

ÁREAS FUNCIONAIS	
AGRUPACIÓNS	UNIDADES
<i>0. Sen adscrición a área</i>	Administradores/as de centros.
<i>1. Alumnado e administración de centros</i>	Servizo de Axudas ao Estudo, Bolsas e Prezos públicos Servizo de Xestión da Extensión Universitaria



	Servizo de Xestión de Estudos de Grao Servizo de Xestión de Estudos de Posgrao Xefaturas de Área Académica Xefaturas de Negociado da Área Académica
2. Económica	Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería Servizo de Control Interno Servizo de Xestión Económica e Contratación Xefaturas de Área Económica Responsables de Asuntos Económicos Xefaturas de Negociado de Área Económica
3. Persoal	Servizo de Persoal Docente e Investigador Servizo de Persoal de Administración e Servizos Servizo de Retribucións e Seguros Sociais Servizo de Recursos Humanos de Investigación
4. Atención a órganos de goberno e outros órganos universitarios (C. Social, Valedor/a, ...).	Persoal de libre designación adscritos na RPT.
5. Servizos á comunidade universitaria e atención aos órganos de goberno	Persoal restante

1. Cando, conforme aos apartados anteriores, non sexa posible a cobertura ou ningún acepte a comisión de servizos, a Xerencia realizará a oferta ao persoal que figurará



ordenado nunha listaxe que se elaborará conforme á orde de preferencia reflectida no punto anterior.

2. Cando pola falta de persoal que posúa a condición de pertenza a un grupo ou subgrupo de titulación, conforme ao previsto no artigo 42 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, non se poda cubrir conforme aos apartados anteriores, aplicarase o Acordo para o nomeamento provisional do PAS-Funcionario nun Grupo ou Subgrupo superior.

B) SUBESCALA DE BIBLIOTECA

No ámbito da biblioteca, a dirección de biblioteca ofrecerá a cobertura en comisión de servizos ao persoal destinado na mesma Sección e/ou Área, por esta orde, e achegará esta proposta á Xerencia.

I. Orde de preferencia, en relación co posto a cubrir:

ORDE DE PREFERENCIA	
1º	Campus da vacante
2º	Subgrupo superior
3º	Agrupación
4º	Nivel superior do complemento de destino
5º	Maior antigüidade na Universidade de Vigo
6º	Maior antigüidade na administración

II. Agrupacións:

Ao persoal de apoio ao campus de Vigo, ofertaráselle postos de calquera agrupación

ÁREAS FUNCIONAIS	
AGRUPACIÓNS	UNIDADES
0. <i>Sen adscrición a área</i>	Subdirección da Biblioteca universitaria
	Xefe/a da Sección de Acceso a Documento
	Xefe/a da Sección de Adquisicións
	Xefe/a da Sección de Arquivo



1. Biblioteca Central	Xefe/a da Sección de Automatización e Proceso Técnico Xefe/a da Sección de Circulación Xefe/a da Sección de Publicacións Periódicas Xefe/a da Sección de Soporte á Aprendizaxe e á Investigación Xefe/a de Área de Proceso Técnico Xefe/a de Área de Repositorio Xefe/a de Área de Servizos Bibliométricos Axudante de arquivos, bibliotecas e Museos Técnico/a de bibliotecas
2. Torrecedeira	Dirección Biblioteca de Torrecedeira Técnico/a de bibliotecas
3. Campus de Ourense	Dirección do Campus Ourense Subdirección campus Xefe/a da Área campus Axudante de arquivos, bibliotecas e Museos Técnico/a de bibliotecas
4. Campus de Pontevedra	Dirección do Campus Ourense Subdirección campus Xefe/a da Área campus Axudante de arquivos, bibliotecas e Museos Técnico/a de bibliotecas

C) ÁREA DE BENESTAR FÍSICO, SAÚDE E DEPORTE

No ámbito da Área de Benestar Físico, Saúde e Deporte, a dirección técnica ofrecerá a cobertura en comisión de servizos ao persoal destinado na mesma Sección e/ou Área, por esta orde, e achegará esta proposta á Xerencia.

ÁREAS FUNCIONAIS	
ÁREAS	UNIDADES



O. Sen adscripción a área	Dirección Técnica
1. Campus de Vigo	Técnico/a superior de actividades deportivas Técnico/a de actividades deportivas Auxiliar de instalacións deportivas
2. Campus de Ourense	Técnico/a de actividades deportivas Auxiliar de instalacións deportivas
3. Campus de Pontevedra	Técnico/a de actividades deportivas Auxiliar de instalacións deportivas

D) SUBESCALA DE CONSERXERÍA

No ámbito da Área de Conserxería, o/a Administrador/a ou o Responsable da Unidade ofrecerá a cobertura en comisión de servizos ao persoal destinado na mesma Sección e/ou Área, por esta orde, e achegará esta proposta á Xerencia.

I. Orde de preferencia, en relación co posto a cubrir:

- Campus.
- Subgrupo superior.
- Agrupación.
- Nivel superior do complemento de destino.
- Maior antigüidade na Universidade de Vigo.
- Maior antigüidade na administración.

II. Agrupacións:

Dentro de cada campus, ofertaráselle postos de calquera agrupación ao persoal de apoio ao campus de Ourense, ao persoal de apoio ao campus de Pontevedra e ao persoal da Casa das Campás.

- Para a autorización de comisións de servizos teranse en conta as seguintes áreas funcionais:

Nº	AGRUPACIÓNS
1	CACTI, CINBIO E ECIMAT
2	BIBLIOTECA UNIVERSITARIA



3	ÁMBITO CIENCIAS EXPERIMENTAIS
4	ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL EDIFICIO FUNDICIÓN e CINTECX
5	ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE MINAS E ENERXÍA
6	CAMPUS DE TORRECEDEIRA: ESCOLA DE ENXEÑARÍA INDUSTRIAL E FACULTADE DE COMERCIO
7	FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS E FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO
8	FACULTADE DE FILOLOXÍA E TRADUCIÓN
9	EDIFICIO CAMPUS DA AUGA
10	FACULTADE DE EDUCACIÓN E TRABALLO SOCIAL - FACULTADE DE HISTORIA - PAVILLÓNS
11	ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA INFORMÁTICA-FACULTADE DE CIENCIAS - ESCOLA DE ENXEÑARÍA AERONÁUTICA E DO ESPAZO
12	FACULTADE DE CIENCIAS EMPRESARIAIS E TURISMO - FACULTADE DE DEREITO BIBLIOTECA CENTRAL
13	ESCOLA DE ENXEÑARÍA FORESTAL FACULTADE DE FISIOTERAPIA
14	FACULTADE DE BELAS ARTES
15	FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN E DO DEPORTE
16	FACULTADE DE CIENCIAS SOCIAIS E DA COMUNICACIÓN



E) ÁREA DE TIC

No ámbito da Área TIC o Director/a ofrecerá a cobertura en comisión de servizos ao persoal destinado na mesma Área, por esta orde, e achegará esta proposta á Xerencia.

ORDE DE PREFERENCIA	
1º	Campus da vacante
2º	Subgrupo superior
3º	Nivel superior do complemento de destino
4º	Maior antigüidade na Universidade de Vigo
5º	Maior antigüidade na administración

F) ÁREA DE APOIO Á DOCENCIA E Á INVESTIGACIÓN

No ámbito da Área de Apoio á Docencia e á Investigación a Xerencia ofrecerá a cobertura en comisión de servizos ao persoal da Subescala á que pertence o posto ofertado mediante comisión de servizo.

G) PERSOAL RESTANTE.

Orde de preferencia, en relación co posto a cubrir:

- Campus.
- Subgrupo superior.
- Nivel superior do complemento de destino.
- Maior antigüidade na Universidade de Vigo.
- Maior antigüidade na administración.

OITAVO.- Criterios para a cobertura de postos de nivel de CD 28 ou superior.

A incoación do procedemento para a cobertura destes postos corresponde exclusivamente á Xerencia que, con carácter xeral, aplicará os criterios establecidos no punto sexto anterior, para a cobertura de postos de nivel 26 ou inferior.



Non obstante, en función das circunstancias concorrentes e coa debida motivación, a Xerencia poderá acordar o inicio dun procedemento específico, que consistirá na publicación na lista de correos oficial da Universidade da oferta de cobertura do posto en comisión de servizos. Neste procedemento as persoas interesadas disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar, exclusivamente a través da sede electrónica a Universidade de Vigo, a súa solicitude de participación. Neste mesmo prazo, as persoas interesadas deberán presentar en calquera das oficinas de rexistro da Universidade un proxecto para o desenvolvemento do posto ó que se opta, nun sobre pechado dirixido á Xerencia onde se incluírá unha copia da solicitude de participación presentada na Sede Electrónica.

O proceso de adxudicación desenvolverase de acordo co seguinte procedemento:

a) Requisitos de participación:

- Pertencer ao/s subgrupo/s de titulación e/ou escala esixido/s na RPT.
- Presentar en prazo a solicitude de participación e o proxecto.
- Proxecto: debe conter os obxectivos de desempeño do posta para o período de comisión previsto e un resumo da experiencia e coñecementos relacionados con aqueles que contribúan ao desempeño do posta; terá unha extensión máxima de catro páxinas de tamaño A4, cunha entreliña de 1,5 e un tamaño de letra de 12, preferentemente en grafía new barkerville ou arial. Presentarase nun sobre branco pechado.

b) Comisión de valoración: estará presidida pola Xerencia e integrada por tres membros, 1 deles en representación da Xunta do PAS funcionario. Todos os seus membros deberán pertencer ao mesmo ou superior subgrupo de titulación coda praza de que se trate.

c) Criterios de valoración

1. *Carreira administrativa (25 puntos):*

- Subgrupo (10 puntos).
- Antigüidade na unidade de traballo (7 puntos).
- Grao consolidado (4 puntos).
- Antigüidade na administración (4 puntos).



2. Coñecementos específicos directamente relacionadas coas funcións propias da posto a cubrir (45 puntos):
 - Experiencia profesional en áreas funcionais do mesmo ámbito que o posto vacante e en niveis de responsabilidade iguais ou próximos, nos 10 anos anteriores (20 puntos).
 - Formación directamente relacionada coas funcións do posto, recibida nos 10 anos anteriores (15 puntos).
 - Titulacións académicas que teñan unha relación directa coas funcións do posto (10 puntos).
3. Proxecto (30 puntos).

NOVENO.- Disposición derogatoria

Quedan derogadas as disposicións ou acordos anteriores sobre provisión de postos para a cobertura de postos de traballo e asignacións de funcións que se regulen no presente acordo.

DECIMO.- Disposición Final

O presente acordo entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no taboleiro electrónico da Universidade de Vigo:
<https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>

E, en proba de conformidade, asínase o presente acordo en Vigo na data da sinatura dixital.

A Xerenta

Yolanda T. Lesmes Romero

O Presidente da Xunta de Persoal

Xoan M. Cebro Rodríguez

